

BASES COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA AS FESTAS DAS DORES DE 2025.

Expediente: 2434/2025

1.- OBXECTO.

O obxecto destas bases é definir as características do mecenado de cara ao desenvolvemento das festas na honra da Virxe das Dors que se celebrarán entre os días 19 e 23 de setembro de 2025.

Con esta finalidade o Concello de Lalín, pretende acadar a colaboración empresarial nunha actividade de interese xeral, neste caso, as Festas Patronais do Concello de Lalín na honra da Virxe das Dors do 2025. Deste xeito, a cambio da axuda económica ou subvención ofertada polos colaboradores, o Concello de Lalín, comprométese a publicar un libro no que se inserirá a publicidade de tódalas empresas colaboradoras na forma que se indica nestas bases.

Para estes efectos subscribíranse os correspondentes convenios de colaboración ou mecenado coas empresas que realicen as mellores ofertas de subvención, en relación coas diferentes modalidades contidas nestas bases.

As festas das Dors de Lalín, iniciaron a súa andaina a finais do século XIX dun xeito moi humilde, mudando co paso do tempo nun evento cunha entidade propia e relevancia que a día de hoxe modifica e dinamiza a vida da vila durante a última semana do mes de setembro.

Co obxecto de manter esta tradición cultural viva e acadar cotas de calidade superiores, dende o Concello de Lalín preténdese ofrecer a posibilidade, a toda a rede empresarial e profesional da contorna, de colaborar de xeito activo nas festas patronais.

Trátase de favorecer a colaboración particular na consecución de fins de interese xeral, en atención e recoñecemento á cada vez maior presenza do sector privado na tarefa de protexer e promover actuacións caracterizadas pola ausencia de ánimo de lucro e cuxa finalidade é de carácter xeral e pública.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRESENCIA DAS EMPRESAS COLABORADORAS.

Tal e como se indicou na cláusula anterior, o Concello de Lalín, a cambio dunha axuda económica ou subvención comprométese a difundir a presenza como entidade colaboradora das empresas participantes, nunha **edición impresa (Libro das Festas)**, que conterá o **programa das festas** acompañado da imaxe de marca das diferentes colaboradoras, así coma o **cartel** e os **trípticos de man**, co detalle que a continuación se indica:

L

K

1/18

M

O



•LIBRO DAS FESTAS:

Formato da publicación:

- Dimensións: ancho 148 mm e largo 210 mm* (A5).
- Portada a toda cor co cartel das festas e a presenza de un único anuncio de ancho 148 mm e alto 48 mm*.
- Contraportada a toda cor e a presenza de un único anuncio de ancho 132 mm e alto 192 mm*.
- Páxina final a toda cor a presenza de un anuncio de ancho 132 mm e alto 192 mm*.
- Reverso da páxina final a toda cor e a presenza de un único anuncio de ancho 132 mm e alto 192 mm*.
- Páxinas adxunta a programación diaria de festas mono cor: contarán con un anuncio de ancho 127 mm e alto 190 mm*.
- Páxinas interiores serán en mono cor. O tamaño dos diferentes anuncios será (anexo IV) :
 - Opción 1: Ancho 127 mm, alto 190 mm* (páxina completa).
 - Opción 2: Ancho 127 mm, alto 95 mm* (media páxina).
 - Opción 3: Ancho 127 mm, alto 46 mm*.
 - Opción 4: Ancho 63 mm, alto 46 mm*.

Así mesmo, o Concello resérvase a páxina 1 para incorporar o saúdo institucional e os espazos necesarios para incluír a presenza daqueles colaboradores institucionais (entes, organismos, administracións públicas e empresas) cos cales o Concello teña levado a cabo acordos ou convenios na materia.

(Todas as medidas son estimadas, podendo variar por necesidades técnicas.)*

•CARTEL:

Poderase presentar oferta para á parte inferior dos carteis das festas de Lalín.

•TRÍPTICOS DE MAN DAS FESTAS:

Ofértase a posibilidade de colaborar cun anuncio nos trípticos de man, na cara posterior, coa presenza de un único anuncio de 100 mm de ancho e 120 mm de alto*.

(medidas estimadas, podendo variar segundo necesidades técnicas.)*

3.- PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DAS COLABORADORAS.

Establécense dúas modalidades de participación:



2/18



- **MODALIDADE 1: COLABORACIÓN DIRECTA.**
- **MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

• **MODALIDADE 1: COLABORACIÓN DIRECTA.**

Esta modalidade consiste na achega directa dunha cantidade co obxecto de dispoñer dun anuncio no **“LIBRO DAS FESTAS”**.

Establécese unha cantidade mínima para cada unha das opcións, podendo a persoa interesada realizar unha achega maior en cada modalidade. Esta achega superior non supón prioridade nin dereito á elección dun emprazamento específico dentro do libro.

Dentro desta modalidade permítese a opción de colaborar sen publicidade. Para esta opción non se establecen cantidades mínimas nin máximas.

• **MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

As empresas colaboradoras seleccionaranse a través dun proceso aberto, no cal todo empresario/a interesado/a poderá presentar unha proposta de colaboración.

Nesta modalidade, as persoas interesadas terán que ofertar un importe superior ao establecido como mínimo. A empresa que oferte o maior importe será a que acade a opción seleccionada.

4.- PUBLICIDADE, PRAZOS E MODO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS DE COLABORACIÓN.

Estas bases difundiranse en prensa para maior coñecemento e do mesmo xeito, estarán a disposición no Rexistro de Entrada do Concello de Lalín así como na páxina web municipal (www.lalin.gal).

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias auténticas en calquera das modalidades expostas no artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Toda a documentación será presentada e redactada nalgún dos idiomas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.

Cada empresario/a non poderá presentar máis dunha proposta por modalidade. (A infracción desta norma dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas).

As ofertas deberán axustarse ao previsto nestas bases e a súa presentación suporá a aceptación polo empresario, sen condicións, do contido da totalidade de todas as cláusulas destas bases, sen salvidade ou reserva algunha.



Contratación

Establécese a posibilidade de abrir un novo prazo de presentación de oferta no caso de que algunha ou algunhas seccións queden desertas ou non se complete o número dispoñible de espazos ofertados.

•**MODALIDADE 1: COLABORACIÓN DIRECTA.**

As propostas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, Praza de Galicia núm. 1, 36500 Lalín (Pontevedra). O prazo de presentación de proposicións iniciárase o mesmo día da publicación **do anuncio no Perfil de Contratación do Concello de Lalín** e rematará o día 1 de agosto de 2025 ás 15:00.

Cando as proposicións se envíen a través de lugar distinto ao Rexistro de Entrada do Concello de Lalín, a interesada deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío no Servizo Oficial de Correos ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da LPACAP e comunicarlle ao órgano de contratación mediante *e-mail* ao enderezo electrónico: contratacion@lalin.gal. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo. Transcorridos, non obstante, 5 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

•**MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

As propostas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, Praza de Galicia núm. 1, 36.500 Lalín (Pontevedra). O prazo de presentación de proposicións iniciárase o mesmo día da publicación **do anuncio no Perfil de Contratación do Concello de Lalín** e rematará o día 1 de agosto de 2025 ás 15:00.

Cando as proposicións se envíen a través de lugar distinto ao Rexistro de Entrada do Concello de Lalín, o interesado/a deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío no Servizo Oficial de Correos ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da LAPCAP e comunicarlle a data de imposición, no mesmo día, ao órgano de contratación a través de *e-mail* ao enderezo electrónico: contratacion@lalin.gal ou a través da sede electrónica do Concello de Lalín. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo. Transcorridos, non obstante, 5 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

5.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLAS INTERESADAS.

•**MODALIDADE 1: COLABORACIÓN DIRECTA.**

As persoas interesadas presentarán cuberto o ANEXO I – SOLICITUDE MODALIDADE 1, destas bases xunto co xustificante de ingreso da cantidade ofertada.

No concepto do ingreso deberá expoñerse **“COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA AS FESTAS DAS DORES DE 2025”**.



•MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA.

As persoas interesadas presentarán **toda a documentación nun sobre pechado** coa inscrición contida no **Anexo II**, asinado pola propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, empresa colaboradora que presenta a proposición, dirección, teléfono, e correo electrónico, para os efectos das notificacións e/ou comunicacións.

No interior do sobre incluírase o ANEXO III.- SOLICITUDE MODALIDADE 2.

6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS COLABORADORES

•MODALIDADE 1: COLABORACIÓN DIRECTA.

A participación nesta modalidade unicamente require a presentación do ANEXO I xunto co xustificante de pagamento dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O emprazamento dos anuncios dependerá do orde de entrada no rexistro, podendo ser modificado por razóns técnicas.

Establécense as seguintes subvencións mínimas (páxinas interiores):

- Opción 1: 250,00 €.
- Opción 2: 150,00 €.
- Opción 3: 100,00 €.
- Opción 4: 50,00 €.
- Opción 5: (sen publicidade) non se establece cantidade mínima.

•MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Establécese un único criterio de selección de colaboradores: a mellor subvención ofertada.

A subvención mínima para cada unha das diferentes modalidades será a seguinte:

- LIBRO DAS FESTAS:

1. Portada: 1.000,00 €.
2. Contraportada: 500,00 €.
3. Páxina final: 700,00 €.
4. Reverso da páxina final: 500,00 €.
5. Páxinas adxuntas a programación diaria de festas: 500,00 €



- CARTEL:

- Pé de cartel: 1.500,00 €

- TRÍPTICOS DE MAN DAS FESTAS:

- Cara posterior: 1.500,00 €

A adxudicación dos diferentes emprazamentos publicitarios levarase a cabo do seguinte xeito:

- **Portada, contraportada, páxina final, reverso da páxina final, pé de cartel e trípticos de man**, adxudicarase á/as empresa/s que oferten a maior subvención para cada unha das seccións.
- **Páxinas correlativas á programación diaria de festas**, adxudicaranse por orde decrecente dende a maior subvención ofertada a menor, sendo distribuídos en primeiro lugar os espazos do Cartel xenérico e, a continuación, Domingo, Sábado, Martes e Luns.

No suposto de que se produzan empates situarase antes a oferta presentada en primeiro lugar na Sede electrónica do Concello de Lalín.

7.- PROCEDEMENTO DA MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Unha vez finalizado o prazo de presentación da documentación, a Comisión de Valoración examinará a mesma.

No caso de que se observasen defectos ou omisións emendables na documentación, comunicarllo a través da sede electrónica do Concello de Lalín ou a través de correo electrónico, á interesada, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante do Concello de Lalín e/ou na páxina web municipal (www.lalin.gal), concedéndose **un prazo non superior a cinco días hábiles** para que as solicitantes os corrixan ou emenden ante a Comisión de Valoración.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación, redactarase a listaxe das colaboradoras seleccionadas por orde decrecente para cada unha das seccións, excluíndose aqueles interesados que non presenten a documentación completa ou incumpran estas bases.

8.- COMISIÓN DE VALORACIÓN DA MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA.

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Sra Tenente de Alcalde ou Concelleiro/a Delegado/a en quen delegue.



Vogais:

- O Secretario Xeral ou funcionario/a en quen delegue ou o substitúa.
- A Interventora ou funcionario/a en quen delegue ou a substitúa.
- A Administrativa da Axenda Urbana ou funcionaria en quen delegue ou o substitúa.

Secretaria: unha funcionaria encargada da contratación administrativa ou persoal en quen delegue ou o substitúa.

9.- SELECCIÓN DAS ENTIDADES COLABORADORAS DA MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA.

A Comisión de Valoración elevaralle ao órgano competente a listaxe definitiva de entidades colaboradoras admitidas e excluídas para a súa aprobación. Unha vez aprobada, publicitarase no perfil do Contratante do Concello de Lalín e/ou na páxina web municipal (www.lalin.gal) así coma no taboleiro de Edictos do Concello e notificaráselle ás colaboradoras seleccionadas para que procedan a asinar o correspondente convenio de colaboración.

10.- OBRIGAS DAS ENTIDADES COLABORADORAS DA MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA.

As entidades colaboradoras asumirán as seguintes obrigas:

- Asinar o convenio nos prazos previstos nestas bases.
- Aboar o importe da subvención no prazo previstos nestas bases.
- Darlle consentimento ao Concello para o uso da súa presenza promocional nos actos e documentos vencellados ás festas de Lalín.
- Responder ás peticións do Concello relativas ao envío de información solicitada con axilidade.

11.- SINATURA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN DA MODALIDADE 2: CONCORRENCIA COMPETITIVA.

As colaboradoras asinarán o correspondente convenio administrativo no prazo **máximo de 10 días hábiles** a contar desde o seguinte ao da notificación da súa condición de colaborador empresarial para a Festas das Dores de 2025.

12.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN MODALIDADE 2.

As colaboradoras aboarán o importe da subvención no **prazo máximo de 15 días hábiles** a contar desde o seguinte ao da sinatura do convenio administrativo. O pagamento realizarase na Tesourería municipal mediante transferencia bancaria no número de conta: **ES3520805429673110119045** debendo incluír o nome ou razón social do colaborador e o concepto: **“COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA AS FESTAS DAS DORES DE 2025”**.



O Alcalde,
José Crespo Iglesias

Revisado e Conforme
A Xefa do Servizo de Contratación,
Fátima Cortizo Seijas

Documento asinado electronicamente á marxe

L

K

8/18

M

0

ANEXO I. SOLICITUDE MODALIDADE 1.

DATOS FISCAIS.		
(Os que aparecen na Axencia Tributaria)		
Denominación Fiscal:	CIF/NIF:	Teléfono:
Enderezo Fiscal:		
Enderezo electrónico:		
Nome do representante:	NIF:	Teléfono:
Enderezo do representante:		

DATOS COMERCIAIS.		
(Os que se empregarán na publicidade)		
Denominación Comercial:	Teléfono:	Enderezo electrónico:
Enderezo :		

D./Dña. _____ e DNI núm.: _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, con CIF núm.: _____ manifesta a súa vontade colaborar financeiramente co Concello de Lalín na organización das **“FESTAS DAS DORES DE 2025 NA MODALIDADE 1 COLABORACIÓN DIRECTA”**, na:

- ☐ Opción 1: ancho 127 mm, alto 190 mm* (páxina completa).: (importe mínimo 250 €) coa cantidade _____ €
- ☐ Opción 2 ancho 127 mm, alto 95 mm* (media páxina).:(importe mínimo 150 €) coa cantidade _____ €
- ☐ Opción 3 ancho 127 mm, alto 46 mm* : (importe mínimo 100 €) coa cantidade _____ €
- ☐ Opción 4: ancho 63 mm, alto 46 mm* (importe mínimo 50 €) coa cantidade _____ €
- ☐ Opción 5: achega sen publicidade _____ €.

(De non especificar unha cantidade enténdese o tipo da opción seleccionada).
(* Todas as medidas son estimadas, podendo variar segundo necesidades técnicas.)

Manifesta coñecer e acepta o seu contido. Así mesmo, declara que son certos todos os datos e documentos presentados no expediente de referencia e que a empresa á que representa, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos pola normativa e que non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 71.1 da LCSP e que especialmente se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais así como de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes e declara non ter causado baixa no IAE durante o presente exercicio económico e que dispón da documentación que así o acredita e se compromete a presentar no suposto de que lle sexa requirida.

Lalín, ____ de _____ de 202__

(sinatura)

Información básica sobre Protección de Datos - Responsable do tratamento: Concello de LALÍN. Praza Galicia, 1, 36500 Lalín (Pontevedra). **Finalidade do tratamento:** Xestión administrativa da recadación municipal no exercicio das funcións propias que ten atribuídas no ámbito das súas competencias e, en particular, para a atención de solicitude/s instada no presente documento. **Dereitos:** Pode exercer gratuítamente os dereitos de Acceso, Rectificación, Portabilidade, Limitación do tratamento, Supresión o, en su caso, Oposición, conforme se indica na información adicional e detallada sobre protección de datos na nosa web (<https://www.lalin.gal/protecciondedatos>). No caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a “Axencia Española de Protección de Datos” (www.agpd.es).



ANEXO II.- MODELO DE SOBRE

DOCUMENTACIÓN PARA PARTICIPAR NAS BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA AS FESTAS DAS DORES DE 2025.

Expediente: 2434/2025

Presentado por:.....

Dirección.....

Teléfono:

Fax:

Enderezo electrónico:

....., de 2025
(Lugar, data e sinatura)

L

K

10/18

M

Q

ANEXO III.- SOLICITUDE MODALIDADE 2

DATOS FISCAIS.		
(Os que aparecen na Axencia Tributaria)		
Denominación Fiscal:	CIF/NIF:	Teléfono:
Enderezo Fiscal:		
Enderezo electrónico:		
Nome do representante:	NIF:	Teléfono:
Enderezo do representante:		

DATOS COMERCIAIS.		
(Os que se empregarán na publicidade)		
Denominación Comercial:	Teléfono:	Enderezo electrónico:
Enderezo :		

D./Dña. _____ e DNI núm.: _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, con CIF núm.: _____ manifesta a súa vontade colaborar financeiramente co Concello de Lalín na organización das “FESTAS DAS DORES DE 2025 NA MODALIDADE 2 CONCORRENCIA COMPETITIVA” , e declara:

1º.- Que ofrece a seguinte subvención (cubrir unicamente as seccións ás que quere concorrer).

LIBRO DAS FESTAS:

- ☐ Portada ancho 148 mm e alto 48 mm* _____ € (☐ Se gaña esta sección anula o resto das peticións)
- ☐ Contraportada ancho 132 mm e alto 192 mm*. _____ € (☐ Se gaña esta sección anula o resto das peticións)
- ☐ Páxina final ancho 132 mm e alto 192 mm*. _____ € (☐ Se gaña esta sección anula o resto das peticións)
- ☐ Reverso da páxina final ancho 132 mm e alto 192 mm*. _____ € (☐ Se gaña esta sección anula o resto das peticións)
- ☐ Páxinas correlativas á programación diaria de festas 127 mm* e alto 190 mm* _____ € (☐ Se gaña esta sección anula o resto das peticións)
- ☐ Pé de cartel xenérico 127 mm e alto 23 mm* _____ € (☐ Se gaña esta sección anula o resto das peticións)

CARTEL:

- ☐ Pé de cartel: _____ €

TRÍPTICOS DE MAN DAS FESTAS:

- ☐ Cara posterior 100 mm de ancho e 120 mm de alto* _____ €

(* Todas as medidas son estimadas, podendo variar segundo necesidades técnicas.)

Observacións a ter en conta:



2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven das bases que rexen este expediente e acompaña a documentación esixida nas mesmas e se compromete a presentar toda a que lle sexa requirida. Así mesmo, declara que son certos todos os datos e documentos presentados no expediente de referencia e que a empresa á que representa, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos pola normativa e que non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 71.1 da LCSP e que especialmente se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais así como de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes e declara non ter causado baixa no IAE durante o presente exercicio económico e que dispón da documentación que así o acredita e se compromete a presentar no suposto de que lle sexa requirida.

Lalín, ____ de ____ de 202__

(sinatura)

Información básica sobre Protección de Datos - Responsable do tratamento: Concello de LALÍN. Praza Galicia, 1, 36500 Lalín (Pontevedra). **Finalidade do tratamento:** Xestión administrativa da recadación municipal no exercicio das funcións propias que ten atribuídas no ámbito das súas competencias e, en particular, para a atención de solicitude/s instada no presente documento. **Dereitos:** Pode exercer gratuitamente os dereitos de Acceso, Rectificación, Portabilidade, Limitación do tratamento, Supresión o, en su caso, Oposición, conforme se indica na información adicional e detallada sobre protección de datos na nosa web (<https://www.lalin.gal/protecciondedatos>). No caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a "Axencia Española de Protección de Datos" (www.agpd.es).

L

K

12/18

M

O



PORTADA



PÁXINAS ADXUNTAS A PROGRAMACIÓN

FESTAS DAS DORES LALIN 2023

SÁBADO 23

Festa das Dores

Setembro 2023

10:00H DISPARO DE BOMBAS
10:00H MISA

12:00H PASARRUÁS DA BANDA A LIRA DE PRADO
13:00H CONCERTO NA PRAZA DA IGREXA DA BANDA A LIRA DE PRADO

17:00H PASARRUÁS E DESEILE DO I FESTIVAL DE BANDAS DE GAITAS CON BGO LEMBRANZAS DA TERRA DE GUILLAREL, BANDA DE GAITAS XARABAL, OS DEZAS DE MONEIXAS E CARBALLO DA MANTEIGA

18:00H PASARRUÁS DA CHARANGA ARDORES
19:00H CONCERTO NA PRAZA DA IGREXA DO I FESTIVAL DE BANDAS DE GAITAS
20:00H MISA

20:30H CONCERTO NA PRAZA IGREXA DA BANDA A LIRA DE PRADO

21:30H FESTIVAL DE ROCK NA PRAZA DA IGREXA CON **GRUPO MEU, CARA B E MALA BESTA**

22:30H CONCERTO NA AVENIDA LUIS GONZALEZ TABOADA DA CHARANGA ARDORES
23:30H VERBENA NO CAMPO DA FEIRA CON **LOS PLATINOS E TOP LIDER**

04:00H **MACRO-DISCO RADIKAL CON DJ DAVID EXPÓSITO E RAÚL ROMERO**

NOTA: EN CASO DE CHOVA AS BANDAS DE MÚSICA TOCARÁN NA PRAZA DA VILA E HANDEÁ UNHA CAMPA NO CAMPO DA FEIRA PARA TODAS AS ACTUACIÓNES DA NOITE


FESTAS DAS DORES LALIN 2023

ESPAZO DISPONIBLE




RESTO DE PÁXINAS


OPCIÓN 1:




OPCIÓN 2:



OPCIÓN 3:



OPCIÓN 4:



L

K

16/18

M

Q

Cod. Validación: C352MTMP3GAFFD6HFLWPF33GQ
Corrección: <https://lain.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma

Contratación

DRIPTICOS DE MAN DAS FESTAS:

LUNS 25

10:00H DISPARO DE BOMBAS
10:00H MISA
10:30H PASARRUAS DA ASOCIACIÓN CARALLEIRA DE CERCIO
12:00H PASARRUAS DA NOVA BANDA DE VILATUXE
12:00H PASARRUAS DA CHARANGA LEÑA VERDE
13:00H CONCERTO NA PRAZA DA IGREXA DA NOVA BANDA DE VILATUXE
18:00H PASARRUAS DA CHARANGA LEÑA VERDE
20:00H MISA
20:30H CONCERTO NA PRAZA DA IGREXA DA NOVA BANDA DE VILATUXE
22:00H DISPARO DE BOMBAS
22:00H VERBENA NO CAMPO DA FEIRA COA ORQUESTRA

COMBO DOMINICANO E PARÍS DE NOIA

MARTES 26

10:00H DISPARO DE BOMBAS
10:00H MISA
10:30H PASARRUAS DOS TRASNOS DE DOADE
13:00H CONCERTO NA PRAZA DA IGREXA DA BANDA DE MÚSICA DE MUIMENTA
18:00H PASARRUAS DE REPENICANDO
20:00H MISA
20:30H CONCERTO NA PRAZA DA IGREXA DA BANDA DE MÚSICA DE MUIMENTA
22:00H VERBENA NO CAMPO DA FEIRA COA ORQUESTRA

OS SATÉLITES

00:30H SORTEO PRESENCIAL DE 3.000€
A urna para depositar as rifas estará ata mesmo día no KM1 de Ourense a 22:00h e dende as 22:00h ata a hora do sorteo noutro o Campo da Feira.
01:00H VERBENA NO CAMPO DA FEIRA COA ORQUESTRA

PANORAMA

NOTA: EN CASO DE CHORIVAS BANDAS DE MÚSICA TOCARÁN NA PRAZA DA VILA E HABERÁ UNHA CARPA NO CAMPO DA FEIRA PARA TODAS AS ACTUACIÓNS DA NOITE

*Dende a comisión
desexámoslle
Boas Festas*

ESPAZO DISPOÑIBLE

**Festa das Dores
Setembro 2023**

VENRES 22 SÁBADO 23 DOMINGO 24 LUNS 25 MARTES 26

 **CONCELLO DE LALÍN**
www.lalin.gal

**ESPAZO CONVENIOS
COLABORACIÓN**

***Todas as medidas, debuxos e diagramas son estimados, podendo sufrir variacións por cuestións técnicas, sen que isto xere ningún tipo de indemnización ou compensación.**

L

K

18/18

M

O